



LVIII CONCURSO DE GAITAS DO PAÍS - PONTEAREAS 2026

O Concello de Ponteareas, no seu compromiso por promover e difundir a música tradicional galega, convoca para o sábado, 19 de setembro de 2026, a **LVIII edición do Concurso de Gaitas do País**, consolidándose como a festa musical máis antiga de Galicia na súa especialidade e situando a Ponteareas como referente da música tradicional galega.

BASES

1. Participantes e crédito dispoñible

Poderán participar no concurso un máximo de dez grupos de gaitas que interpreten pezas con instrumentos tradicionais galegos sen modificación de ningún tipo. Poden presentar candidatura tanto persoas físicas como xurídicas.

O crédito destinado á concesión de premios e gratificacións é de 10.000,00 €, sen prexuízo de que a contía final dependa do número de grupos participantes. con cargo á partida 2026/0/33000/4802022/01 do orzamento municipal.

2. Documentación a presentar

Os formularios de inscrición e anexos están dispoñibles en: <https://portal.ponteareas.gal/axudas-subvencions/>. Os documentos que se entreguen por vía electrónica deben estar en formato pdf. Non se admitirán fotografías dos documentos, nin formato jpg.

A) Grupos pertencentes a asociacións: O premio será percibido pola asociación, practicándose a correspondente retención do IRPF para cantidades superiores a 300 €.

- Anexo I: Inscrición-Asociacións. No modelo xa se inclúe a autorización para comprobar se está ao corrente coas débedas con AEAT, ATRIGA e TGSS.

Na solicitude deberá indicarse o nome, apelidos e DNI de todos os compoñentes, así como un representante de contacto co seu enderezo postal, electrónico e teléfono.

- Anexo II: Autorización de menores asinada polo titor legal.
- Copia do CIF da asociación.



Concello de Ponteareas

- Ficha de terceiros asinada polo banco e polo solicitante (No caso de ser a primeira vez que participa a Asociación)

B) **Grupos que non pertencen a unha asociación:** O premio repartirase a partes iguais entre os compoñentes, O premio será dividido entre os participantes, practicándose a correspondente retención do IRPF para cantidades superiores a 300 €.

Cada integrante debe cumprir individualmente os requisitos. Xunto á inscrición presentárase:

- Anexo I: Inscrición-Grupos.
- Anexo II: Autorización a MENORES asinada polo titor legal.
- Anexo III: Autorización individual para que o Concello consulte se está ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social e coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).
- Copia do DNI de cada participante.
- Ficha de Terceiros ou certificación bancaria. (No caso de ser a primeira vez que participa sen asociación)

3. Presentación de solicitudes

A solicitude de inscrición presentárase gratuitamente por rexistro do Concello de Ponteareas a través da sede electrónica ou mediante calquera das formas previstas no art. 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de admisión comeza o día seguinte á publicación do extracto no BOPPO e finaliza o 11 de setembro de 2026.

4. Grupos participantes

- Número mínimo de grupos: 6; máximo: 10.
- Unha vez completado o máximo, créase lista de espera por orde de inscrición.
- O 16 de setembro comunicárase a listaxe de grupos admitidos.
- Cada participante só poderá formar parte dun único grupo nesta edición.
- O 17 de setembro celebrárase o sorteo na presenza do Secretario do Concello ou persoa delegada por el.

5. Instrumentos e vestimenta



Concello de Ponteareas

Os instrumentos admitidos serán dúas gaitas, un bombo e un tamboril, todos eles tradicionais galegos. Non se admitirán máis nin menos instrumentos dos indicados. Os participantes deberán vestir o traxe tradicional galego completo.

6. Desenvolvemento do concurso

Os grupos estarán ás 16:00 horas do 19 de setembro diante da Casa do Concello e realizarán unha ruada ata o lugar do concurso seguindo a orde do sorteo. A organización poderá modificar o lugar de encontro previa comunicación aos participantes.

7. Interpretación das pezas

Cada grupo interpretará dúas pezas de libre elección, de raíz melódica galega, cun tempo máximo total de 8 minutos. Non se admitirá a interpretación de suites nin de popurrís. Permítese afinación no escenario.

8. Composición do xurado

- Presidente: 1º Tenente de alcaldesa do Concello ou persoa delegada (voto de calidade se procede).
- Secretaria: Traballadora do Departamento de Cultura con voz e sen voto.
- Vogais: Persoas de recoñecido prestixio na música tradicional galega.

9. Mencións especiais

O xurado poderá outorgar mencións especiais sen dotación económica en circunstancias destacadas.

10. Premios

- 1º Premio: 2.000,00 € + Gaita tradicional
- 2º Premio: 1.600,00 € + Tamboril
- 3º Premio: 1.200,00 €
- 4º Premio: 800,00 €
- Gratificacións: 600,00 € para grupos non premiados.

A fundación pública **Artesanía de Galicia**, obsequiará aos gañadores do primeiro premio cunha gaita tradicional galega do **Obradoiro de Gaitas Gil** e aos gañadores do segundo premio cun tamboril de **Sanín Percusión Tradicional**.

11. Recollida de premios

Todos os compoñentes dos grupos premiados deberán subir ao escenario vestidos co traxe tradicional galego.

12. Retencións fiscais



Concello de Ponteareas

Premios e gratificacións estarán suxeitos ás retencións legais correspondentes.

13. Aceptación das bases

A participación neste concurso implica a aceptación das presentes bases e a conformidade coas decisións da organización e do xurado, que terán carácter inapelable.

Ponteareas, asinado dixitalmente

